



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ANUNCIO

Asunto: Aprobación inicial da Ordenanza fiscal de vaos, reservas de aparcamento e carga e descarga

O Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal de vaos, reservas de aparcamento e carga e descarga na sesión do 2 de xaneiro de 2024.

O que fago público para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou as alegacións que estimen oportunas no prazo de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. A aprobación entenderase definitiva de non haber reclamacións no prazo sinalado

Ponteceso, 10 de xaneiro de 2024
O alcalde

José Manuel Mato Martínez

“Artigo 1.- Fundamento e réxime

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4.b) e 20.3.h) do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ponteceso establece a taxa por expedición de licenza de vaos e polas reservas de vía pública para entrada de vehículos a través das beirarrúas e para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 2.- Feito Impoñible

Constitúe o feito imoñible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación deste para a entrada de vehículos ou pola reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 3.- Devengo

1.- Devengarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír ao iniciarse algún dos aproveitamentos obxecto desta ordenanza. A taxa ratearase por trimestres naturais no primeiro ano da autorización, e nos seguintes terá carácter anual, devengándose a 1 de xaneiro de cada ano.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Pontevedra (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

2.- Nos casos de inicio e cese no aproveitamento ratearase a cota por trimestres naturais. As altas e baixas do padrón anual da taxa produciranse cos efectos do día 1 de xaneiro do ano seguinte.

Artigo 4.- Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 xeral tributaria, solicitantes da corresponde licenza de vaos ou da autorización para aparcamento exclusivo mediante reserva de aparcamento ou, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

2. De acordo co art. 23.2.a) do RDL 2/2004, terán a consideración de substitutos do contribuínte na licenza de vaos, os propietarios dos correspondentes inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

3- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003 xeral tributaria, mentres que responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Artigo 5.- Base Imponible e cota tributaria

1.- A cota tributaria do feito imponible determinarase polas seguintes tarifas,

| TIPO | Medición | Taxa proposta anual |
|--------------------------------------------------------------------------------|------------------------|----------------------------|
| a. VAO PERMANENTE/PROVISIONAL/OBRA. Aparcamento individual | 3 M² | 63 € |
| | 4 M² | 84 € |
| | 5 M² | 105 € |
| b. VAO PERMANENTE/PROVISIONAL/OBRA. Aparcamento colectivo +4 coches | 3 M² | 105 € |
| | 4 M² | 140 € |
| | 5 M² | 175 € |
| c. VAO LABORAL. Aparcamento individual | 3 M² | 31,50 € |
| | 4M² | 42 € |
| | 5M² | 52,5 € |
| d. VAO LABORAL. Aparcamento colectivo +4 coches | 3 M² | 63 € |



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Pontevedra (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

| | | |
|----------------------------------------|------------------------|----------------|
| | 4 M² | 84 € |
| | 5 M² | 105 € |
| e. CARGA E DESCARGA | 1 M² | 31,50 € |
| f. RESERVA DE APARCAMENTO 24 H. | 1 M² | 63 € |

3.- A cota tributaria pola expedición da placa coa autorización municipal aboarase de cota tributaria nos casos do anterior apartado será de 15 €.

Artigo 6.- Exencións, reducións e demais beneficios fiscais aplicables.

1.- De conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2/2004, non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais ou os previstos en normas con rango de lei.

2.- O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigados ao pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

Artigo 7.- Normas de xestión, liquidación e ingreso

1.- A cota tributaria será de carácter anual, o seu devengo producirase o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, agás nos casos de inicio ou cese no aproveitamento a cota ratearase por trimestres naturais. O importe correspondente ó ano de inicio do aproveitamento xunto co importe da placa da licenza esixirase no momento da entrega da placa acreditativa da licenza correspondente.

2.- As entidades ou particulares interesados na concesión dos aproveitamentos regulados por esta ordenanza, presentarán no concello a súa solicitude detallada da extensión e carácter do aproveitamento requirido, acompañarán copia do seu DNI e a referencia catastral do inmovible para o que se solicita o aproveitamento a efectos de ser integradas no padrón municipal.

3.- Tamén deberán presentar a oportuna declaración en caso de alteración ou baixa dos aproveitamentos xa concedidos dende que o feito se produza ata o último día do mes natural seguinte ao que tal feito tivo lugar. Quen incumpra tal obriga seguirá obrigado ao pago do tributo ata a súa presentación.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

4.. No caso de perda, destrución ou roubo das placas regulamentarias o beneficiario poderá solicitar unha nova placa previo abono das cotas contempladas no artigo 5.

Artigo 8.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, rexerese segundo o disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor despois da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao establecido no art. 107.1 da LRBRL, mantendo a súa vixencia en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente."